

Colexial de Psicólogos, ou aos ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia, a través da Comisión Nacional da Especialidade de Psicoloxía Clínica.

3. O previsto nesta disposición adicional enténdese sen prexuízo da súa adaptación ás normas que se diten para adecuar o ordenamento xurídico do Estado ao Espazo Europeo de Educación Superior, unha vez que se desenvolvan os reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao, e 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de maio de 2006.—A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**10079** *REAL DECRETO 605/2006, do 19 de maio, polo que se aproban os procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 aos cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento.* («BOE» 135, do 7-6-2006).

O Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, declarou obrigatoria a homologación dos cementos para a fabricación de formigóns e argamasas para todo tipo de obras e produtos prefabricados.

Na disposición derradeira primeira do dito real decreto fáctanse os ministros de Industria e Enerxía e de Fomento para modificar as referencias a normas UNE que figuran no seu anexo.

De acordo con esta disposición derradeira aprobouse a Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro, pola que se modifica a referencia a normas, para axustar este regulamento ás novas normas UNE, así como á entrada en vigor da marcación CE para os cementos comúns.

No caso dos cementos comúns xa se estableceu a entrada en vigor da marcación CE mediante a Comunicación da Comisión 2001/C 20/04, que a nivel nacional se traspón coa Orde do 3 de abril de 2001.

No caso dos cementos de baixa calor de hidratación xa se estableceu a entrada en vigor da marcación CE mediante a Comunicación da Comisión 2005/C 139/03, que a nivel nacional se traspón coa Resolución do 9 de novembro de 2005.

Para o resto dos cementos distintos dos comúns aprobáronse novas normas UNE, nas cales se establecen as súas especificacións técnicas. Este real decreto establece o procedemento polo que se debe realizar a avaliación da conformidade destes cementos, recollida na Norma UNE-EN 197-2:2000, cuxo cumprimento obrigatorio vén imposto polo Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, na súa redacción dada pola Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro.

Así mesmo, establécense os aspectos relativos á autorización dos centros de distribución de calquera tipo de cemento, de acordo co capítulo 9 da norma UNE-EN 197-2:2000.

Este real decreto dítase co obxecto de previr e limitar riscos, así como para a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou perdas derivados da utilización dos produtos que regula, por medio do esta-

blecemento de controis que permitan detectar ou contribuír a evitar aquelas circunstancias que puidesen dar lugar á aparición de riscos e mitigar as consecuencias de posibles accidentes, todo isto no ámbito da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, así como do Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Obxecto e campo de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 «Cementos. Parte 2: Avaliación da conformidade» ás fábricas de cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento e que se inclúen como anexo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Resolución do 12 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se aproba o sistema para a realización dos controis da produción e distribución do cemento establecidos na Norma UNE 80 403: 1996, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 18 de xuño de 1997, e cantas disposicións se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.º da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 19 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

### ANEXO

**Procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 «Cementos. Parte 2: Avaliación da conformidade» ás fábricas de cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento**

1. Obxecto e campo de aplicación.

1.1 Este anexo establece os procedementos para:

Realizar a avaliación da conformidade nas fábricas dos cementos definidos nas normas UNE 80 303-1:2001 e 1M:2006, UNE 80 303-2:2001 e 1M:2006, UNE 80 305:2001, UNE 80 307:2001 e UNE 80 310:1996 que figuran no anexo do Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, na súa

redacción dada na Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro, do Ministerio da Presidencia.

Realizar o control dos centros de distribución de calquera tipo de cemento de acordo co capítulo 9 da Norma UNE-EN 197-2:2000.

A Norma UNE-EN 197-2:2000, cuxa referencia figura no anexo do Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, na súa redacción dada na Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro, do Ministerio da Presidencia, recolle con carácter xeral os requisitos que deben cumprir as fábricas de cemento e os centros de distribución e os sistemas que aplicarán os organismos autorizados para a comprobación do cumprimento de tales requisitos, polo que resulta útil sistematizar estas tarefas enmarcándoas dentro dun procedemento que abrangue desde a fase de solicitude ata a de emisión:

Do certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios para os cementos distintos dos comúns;

Ou do certificado de autorización para un centro de distribución de cemento.

1.2 Deberán axustarse ás previsións deste real decreto as solicitudes de certificacións que, ao abeiro da disposición transitoria cuarta do Real decreto 2200/1995, presenten ante as autoridades competentes:

Fabricantes de cementos non suxeitos aínda á marcación CE (ver número 1.1), dun dos tipos de fábrica seguintes:

Fábrica integral: instalación utilizada por un fabricante para a produción de cemento, que conta polo menos cun forno para producir clinker. Ademais, deberá dispoñer de equipamentos para a realización dunha moenda e unha homoxeneización adecuadas, e da capacidade necesaria de silos para o almacenamento e expedición de cada cemento producido.

Instalación de moenda: instalación utilizada por un fabricante para a produción de cemento a partir de clinker, que conta con instalacións de moenda e de homoxeneización adecuadas, e da capacidade necesaria de silos para o almacenamento e expedición de cada cemento producido.

Centros de distribución: instalacións rexidas por sociedades distintas da titular da fábrica que, cumprindo a lexislación vixente, só realizan tarefas de almacenamento, transporte e expedición de cemento a granel ou ensacado por elas mesmas. Estas instalacións deberán contar cos medios necesarios para evitar a contaminación ou mestura de cementos de diferentes tipos ou procedencias. Ademais, as citadas sociedades teñen plena responsabilidade en todos os aspectos da calidade do cemento que expiden. Os cementos que expidan deberán ter o certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios ou a marcación CE obtida polo fabricante do cemento.

1.3 Cada cemento dos recollidos no número 1.1 deste anexo só poderá posuír un certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios emitido a favor do fabricante titular da solicitude ou do seu representante legal en España.

1.4 O organismo certificador elaborará e facilitará os criterios e cuestionarios necesarios para levar a cabo as inspeccións iniciais nas fábricas e nos centros de distribución, incluídos os laboratorios que realizan os ensaios de autocontrol, e o seguimento, verificación e aceptación do control de produción e control de calidade en fábricas e en centros de distribución cando vaia ser asistido nestas tarefas por outros organismos autorizados (puntos 5 e 9.3.1 respectivamente da Norma UNE-EN 197-2:2000).

A ordenación do procedemento de certificación levouse a cabo dispóndoo de forma secuencial para facilitar a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000, todo isto sen prexuízo da existencia dos demais requisitos contidos nesa norma.

2. Solicitude do certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios para cementos non sometidos á marcación CE (ver número 1.1).

O fabricante que queira fabricar un cemento dos indicados para a súa comercialización en España, ou o seu representante legal, solicitarallo por escrito ao organismo certificador (punto 7 da Norma UNE-EN 197-2:2000). O documento de solicitude especificará en particular:

a) A empresa que realiza a solicitude ou, se é o caso, o seu representante legal.

b) Representante da dirección do fabricante responsable do procedemento de certificación.

c) Nome e enderezo da fábrica de produción do cemento e dos puntos de expedición utilizados no transporte e expedición do cemento.

d) Designación normalizada segundo a correspondente norma UNE do punto 1.1 deste anexo e marca comercial do cemento, se é o caso.

e) Composición nominal do cemento obxecto da solicitude. No caso de utilizar máis dun clinker, declaración da proporción da súa mestura.

f) Procedencia e características dos compoñentes do cemento. No caso de que durante a fabricación do cemento se produzan cambios respecto á orixe de fabricación ou subministración dun clinker declarado na solicitude, débese considerar a nova produción como correspondente a un cemento novo e tramitar unha nova solicitude. Cando o clinker notificado proceda dun estado membro da Unión Europea non será necesaria unha nova solicitude.

g) O laboratorio encargado de realizar os ensaios de autocontrol do cemento.

Xunto coa solicitude remitirase a seguinte documentación:

Unha copia controlada do manual de calidade da fábrica (número 4.1.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000), cunha proposta do plan de autocontrol para o cemento solicitado (número 4.3.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

Unha descrición detallada das instalacións da fábrica e puntos de expedición.

Para solicitar o certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios será necesario que o cemento non fose obxecto de avaliación inicial non conforme no prazo previo de seis meses ou de retirada do certificado de conformidade no prazo previo de seis meses.

3. Solicitude do certificado de autorización para un centro de distribución de calquera tipo de cemento.

A empresa propietaria dun centro de distribución que desexe expedir un cemento en España, ou o seu representante legal, solicitarallo por escrito ao organismo certificador (punto 9 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

O documento de solicitude especificará, en particular, a información análoga á descrita nas alíneas a), b), c), d) e g) do número 2 deste anexo, referida ao centro de distribución.

Xunto coa solicitude remitirase a seguinte documentación:

Unha copia controlada do manual de calidade do centro de distribución (número 4.1.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000), cunha proposta do plan de control de identificación en recepción e de autocontrol do cemento (número 9.2.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

Unha descrición detallada das instalacións do centro de distribución.

Unha descrición dos medios de control e ensaio no centro de distribución.

Cando se trate de instalacións situadas en territorio español xuntarase:

Acreditación de que as instalacións dispoñen de todas as autorizacións e permisos legais para realizar esta actividade industrial, segundo a lexislación vixente de carácter local, autonómica ou central.

4. Tramitación do certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios para cementos non suxeitos á marcación CE.

Analizada a solicitude polo organismo certificador, a expedición do certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios require a realización das seguintes tarefas previstas na Norma UNE-EN 197-2:2000:

a) Inspección inicial da fábrica e do control de produción en fábrica (punto 5.5 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

b) Os ensaios iniciais previstos nos puntos 4.3.1 e 5.6 da Norma UNE-EN 197-2:2000, no caso de fábricas novas ou existentes, incluíndo ensaios de determinación de compoñentes de acordo coa Norma UNE 80 216:1991.

c) Unha avaliación inicial baseada nas dúas tarefas anteriores efectuada polo organismo certificador (punto 5 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

d) Se esta avaliación inicial é conforme, o organismo certificador emitirá un certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios, válido por un período inicial de tres meses (punto 7 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

e) O fabricante deberá levar a cabo o autocontrol previsto no punto 4.3 da Norma UNE-EN 197-2:2000 e enviar mensualmente ao organismo certificador os resultados dos ensaios de autocontrol xunto co informe sobre a avaliación estatística da conformidade correspondente ao lote móbil dos doce últimos meses.

f) Tomaranse mostras puntuais na fábrica e/ou puntos de expedición segundo os métodos da UNE 80 401, para a realización dos ensaios de contraste (punto 5.4 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

g) Realizaranse os ensaios de contraste previstos no punto 5.4.4 da Norma UNE-EN 197-2:2000 que serán avaliados polo organismo certificador segundo os puntos 5.4.5 da Norma UNE-EN 197-2:2000, incluíndo ensaios de determinación de compoñentes de acordo coa Norma UNE 80 216:1991.

h) Se as conclusións das tarefas precedentes levadas a cabo no período inicial son satisfactorias, o organismo certificador emitirá un certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios válido mentres non se retire ou cancele como resultado das accións tomadas en caso de non conformidade, co límite máximo de doce meses.

i) As tarefas e), f), e g) realízanse a partir de entón de forma continua para que a conformidade dos cementos coas especificacións das normas UNE sexa avaliada de acordo coas regras da norma a que fai referencia este real decreto.

j) Durante esta fase de avaliación continua a fábrica recibirá, polo menos, unha visita de inspección ao ano. O organismo certificador informará o titular por adelantado da data da realización da inspección (punto 5.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

k) Para plasmar o criterio establecido na norma de avaliación continua, o organismo certificador realizará a verificación estatística dos resultados do período de control (os doce meses anteriores), polo menos dúas veces ao ano (punto 5.3 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

l) Segundo os informes de avaliación do control de produción (punto 5.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000), e a avaliación dos resultados do autocontrol (punto 5.3 da Norma UNE-EN 197-2:2000), o organismo certificador declarará a conformidade ou a non conformidade da produción. Os procedementos que se seguirán no caso de non conformidade, son os descritos no punto 6 da Norma UNE-EN 197-2:2000.

m) O fabricante comunicará inmediatamente calquera cesamento de produción e/ou expedición (punto 7 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

5. Tramitación do certificado de autorización para un centro de distribución de calquera tipo de cemento.

Analizada a solicitude polo organismo certificador, a emisión do certificado de autorización ao centro de distribución de cemento require a realización das seguintes tarefas previstas na Norma UNE-EN 197-2:2000:

a) Inspección inicial do centro de distribución (punto 9.3.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

b) Os ensaios iniciais previstos para os centros de distribución de cementos nos puntos 9.2.2 e 9.3.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000.

c) Unha avaliación inicial baseada nas dúas tarefas anteriores efectuada polo organismo certificador (punto 9.3.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

d) Se esta avaliación inicial é conforme, o organismo certificador emitirá un certificado de autorización de centro de distribución (punto 9.3.3 da Norma UNE-EN 197-2:2000) por un período inicial de cinco meses.

e) O centro de distribución deberá levar a cabo o autocontrol previsto no punto 9.2.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000. Os resultados de autocontrol de cada mes serán remitidos sen demora ao organismo certificador para que poidan ser comparados cos resultados de autocontrol do fabricante, que tamén deberán ser achegados, se é o caso, polo centro de distribución.

Ademais dos ensaios de autocontrol, o centro de distribución debe realizar os ensaios de aceptación e identificación previstos no punto 9.2.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000.

f) Tomaranse mostras puntuais segundo os métodos da UNE 80 401, para a realización dos ensaios de contraste, que serán avaliados polo organismo certificador segundo o punto 9.3.2 da Norma UNE-EN 197-2:2000.

g) Se as conclusións das tarefas precedentes levadas a cabo no período inicial son satisfactorias, o organismo certificador emitirá un certificado de autorización de centro de distribución, válido mentres non se retire ou cancele como resultado das accións tomadas en caso de non conformidade, co límite máximo de doce meses.

h) As tarefas previstas na alínea e) e f) realízanse a partir de entón de forma continua para que a conformidade dos cementos coas especificacións das normas UNE sexan avaliadas de acordo coas regras da norma a que fai referencia este real decreto.

i) Durante esta fase de avaliación continua o centro de distribución recibirá, polo menos, unha visita de inspección ao ano (punto 9.3.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

j) O organismo certificador realizará a verificación estatística dos resultados do período de control (os doce meses anteriores), polo menos dúas veces ao ano (punto 9.3.1 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

k) O centro de distribución comunicará inmediatamente calquera cesamento de expedición (punto 7 da Norma UNE-EN 197-2:2000).

l) Cando nun centro de distribución se vaia almacenar un cemento distinto a un dos anteriormente autorizados (cementos de diferente designación ou da mesma designación pero de fabricantes diferentes), o silo de almacenamento deberá estar baleiro e limpo, e será preceptivo o aviso ao organismo certificador, cun prazo mínimo de sete días, antes de que se reciba o novo cemento. O organismo certificador poderá ordenar unha inspección para verificar que o silo está en condicións adecuadas para almacenar outro cemento (punto 9.3.1 da norma UNE-EN 197-2:2000).

Calquera cambio nos cementos almacenados ou distribuídos dará lugar á modificación da autorización, de tal maneira que esta autorización limitará o seu alcance aos cementos que figuran nela. Por isto, deberán solicitar con antelación suficiente calquera cambio na distribución de cemento co fin de adecuar a autorización. Non poderá expedir o novo cemento ata non dispoñer da nova autorización que o inclúa.

O organismo certificador poderá emitir procedementos ou instrucións para aclarar aspectos concretos dos controis e tarefas que se realizarán no seguimento da calidade dos cementos distribuídos polos centros de distribución.